

Código do documento	Código do expediente
USG18I034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 4 de abril de 2024 segundo borrador da sesión de data 15 de febreiro de 2024.

Esténdese a presente dilixencia para constancia, coa sinatura dixital do Sr. Alcalde-Presidente e do Secretario municipal.

Visto e prace
(Asinado dixitalmente)

O secretario municipal
(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO CELEBRADA O DÍA QUINCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D^a. Cristina Pardo Portos
D^a. Marta María Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D^a. María Penélope López Díaz
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D^a. Marta María Figueroa Fuentes
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez

Código do documento	Código do expediente
USG18I034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

Grupo municipal do PP:

D^a. Izaskun García Gorostizu
D. Marco Antonio Pazos Regueiro
D. Juan Carlos Leites Maneiro
D. José Antonio Golpe Faraldo
D^a. Vanesa Fernández González
D. Antonio Bouza Teijeiro
D. Manuel Núñez Seoane

Grupo municipal do BNG:

D. Enrique Antonio Chouciño Garrido
D^a. María Beatriz Pérez Mosquera
D. Xabier Fernández Villarrenaga Vázquez

Grupo municipal AA.VV.:

D^a. Indrani Thais Palla Maceiras
D. Miguel Fraga Pulleiro

C.I.F. P-1503100-H

Non asistentes con excusa:

D. Gonzalo Méndez Mosqueira

Secretario:

D. Rafael José del Barrio Berbel

Interventora:

D^a. Sonia Corral Corral

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, ás dez horas e dez minutos (10:10 h) do día quince de febreiro de dous mil vinte e catro (15/02/2024), reúnese en sesión extraordinaria o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto por resolución núm. 239 do 09/02/2024, as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don José Ramón Rioboo Castro.

Foron asistidos polo Secretario xeral do Concello, don Rafael José del Barrio Berbel.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias,

2 de 23

declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

Comunica que os dous puntos incluídos na orde do día da convocatoria requiren para a súa aprobación o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación, engadindo que a proposta que se somete a debate e votación no punto número 1 da orde do día vai unida á proposta que se presenta no seguinte punto, que xa non procedería no caso de que a primeira non resultara aprobada.

1.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CAMBIO DOS USOS URBANÍSTICOS DOTACIONAIS DAS PARCELAS MUNICIPAIS DA Cross NO BURGO, E RECTIFICACIÓN PUNTUAL DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS NESAS PARCELAS PARA A SÚA ACTUALIZACIÓN. EXPTE: UAU/2024/49

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía, de data 6 de febreiro de 2024, con código de documento USG18I01GF, sometida a ditame da Comisión Informativa Permanente de Presidencia de data 09/02/2024, que se transcribe no seu literal:

«PROPOSTA PLENO

Aprobación do expediente de cambio dos usos urbanísticos dotacionais das parcelas municipais da Cross no Burgo, e rectificación puntual do inventario municipal de bens nesas parcelas para a súa actualización. Expte: UAU/2024/49.

Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente do Concello de Culleredo, no uso das súas atribucións legalmente conferidas,

ANTECEDENTES

Vista a Providencia de alcaldía de data 2.02.2024 que admite a trámite –unha vez acredita a necesidade e conveniencia da actuación para o interese público local, e a viabilidade técnica e xurídica das actuacións proxectadas- o “Anteprojecto para a implantación do Centro de Excelencia para a Competitividade en Economía Circular (C3) da Fundación CETIM en terreos municipais das antigas naves da Cross, mediante concesión administrativa”, presentado en data 1.02.2024 por don Antonio Pons Samaranch, en nome e representación da Fundación Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial (CETIM), con CIF núm. G70302427. A Providencia indica que se tramiten con celeridade, baixo a coordinación da Secretaría Xeral, os seguintes expedientes conforme ao sinalado nos informes dos servizos municipais referidos anteriormente:

-Expediente de cambio dos usos dotacionais de ambas parcelas municipais da Cross onde se proxecta a implantación do Centro de Excelencia para a

Código do documento	Código do expediente
USG181034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

Competitividade en Economía Circular (C3) da Fundación CETIM (Servizo de Urbanismo).(....)

Vista a Providencia de Alcaldía de data 5.02.2024 do seguinte tenor literal:

“(....)PRIMEIRO. Incoar expediente polo Servizo de Urbanismo para o cambio dos usos urbanísticos dotacionais de ambas parcelas municipais da Cross -onde se proxecta a implantación do Centro de Excelencia para a Competitividade en Economía Circular (C3) da Fundación CETIM- para a actualizar e ampliar os usos inicialmente previstos no planeamento municipal -por quedar obsoletos- coa maior cobertura que permita a lexislación urbanística de aplicación, para dar cabida no futuro a outras actuacións municipais a desenvolver neste ámbito.

SEGUNDO. Que se realicen os trámites que procedan polo Servizo de Urbanismo na tramitación do expediente, e se emitan os informes que sexan preceptivos: informes técnico e xurídico do servizo, e informe de Secretaría Xeral -por ser un expediente de competencia plenaria que require a súa aprobación polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación-.

TERCEIRO.- Incoar expediente para a rectificación puntual do Inventario municipal de bens, para actualizar os datos das fichas de ambas parcelas municipais da Cross (nº inventario: 234, código: IN1034; e nº Inventario: 235, Código: IN1035) conforme aos novos usos urbanísticos dotacionais que se asignen, ao carácter demanial de ambas parcelas -de acordo co sinalado nas conclusións do informe xurídico da técnico de urbanismo de data 2.02.2024 (código USG18101FS)-, e incorporando tamén os requirimentos e información da lexislación patrimonial e do Catastro Inmobiliario de aplicación.”

C.I.F. P-1503100-H

Visto o informe xurídico do xefe do Servizo de Economía e Facenda de data 1.02.2024 (código UCP181002I), e o informe xurídico da técnico de urbanismo de data 2.02.2024 (código USG18101FS), nos que advirten dun erro no Inventario municipal de bens ao consignarse como “patrimonial” a parcela dotacional de 3.300 m2 no ámbito da Cross, e da necesidade –por seguridade xurídica- de rectificar o inventario de bens para actualizar os datos de dita parcela (nº inventario: 234, código: IN1034), incorporando tamén nas fichas de ambas parcelas no Inventario os novos usos urbanísticos que se asignen.

As parcelas municipais dotacionais no ámbito da Cross -cesións obrigatoria do Proxecto de Compensación da Área A3 o Burgo, en 1997- cuxos usos urbanísticos dotacionais previstos no planeamento municipal se actualizan -por estar obsoletos- son as dúas seguintes:

-Parcela urbana de 3.300 m2, Nº Inventario: 234, Código: IN1034, Referencia catastral nº: 1664403NH5916S0001OR.

-Parcela urbana de 12.466 m2, Nº Inventario: 235, Código: IN1035, Referencia catastral nº: 1664402NH5916S0001MR.

CONSIDERACIONES XURIDICAS

4 de 23

Código do documento	Código do expediente
USG18I034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

O RDL 7/2015, de 30 de outubro, que aproba ou Texto Refundido Lei do Solo e Rehabilitación Urbana –TRLSRU-, lexislación básica estatal de aplicación as entidades locais conforme a súa DA2ª, establece con carácter xeral –nos artigos 1 a 3 da Lei que se transcriben a continuación- unha serie de principios de actuación para os poderes públicos no ámbito urbanístico e da rehabilitación urbana, fomentando políticas urbanísticas no medio urbano conforme aos principios de desenvolvemento sostible, renovación urbana, dinamización social e económica xeradora de emprego (investigación científica e novas tecnoloxías), mellora das dotacións e espazos públicos con diversidade de usos de acceso universal, e protección do patrimonio cultural; principios que encaixan todos eles na actuación que o Concello está a desenvolver no ámbito da Cross coa actualización e ampliación dos usos urbanísticos dotacionais destas parcelas municipais -por quedar obsoletos- coa maior cobertura que permita a lexislación urbanística de aplicación (para dar cabida no futuro a outras actuacións municipais a desenvolver neste ámbito); e coa tramitación da concesión demanial dos terreos necesarios da Cross á Fundación CETIM para a implantación do Centro de Excelencia para a Competitividade en Economía Circular (C3) conforme ao anteproxecto presentado en data 1.02.2024.

C.I.F. P-1503100-H

Esta lei regula, para todo o territorio estatal, as condicións básicas que garanten (...) un desenvolvemento sostible, competitivo e eficiente do medio urbano, mediante o impulso e o fomento das actuacións que conducen á rehabilitación dos edificios e á rexeneración e renovación dos tecidos urbanos existentes (...).

En virtude do principio de desenvolvemento sostible, as políticas a que refírese o apartado anterior deben propiciar o uso racional dos recursos naturais harmonizando os requirimentos da economía, o emprego, a cohesión social, a igualdade de trato e de oportunidades, a saúde e a seguridade das persoas e a protección do medio ambiente, contribuíndo en particular a:

a) A eficacia das medidas de conservación e mellora da natureza, a flora e a fauna e da protección do patrimonio cultural e da paisaxe.(...)

Os poderes públicos formularán e desenvolverán, no medio urbano, as políticas da súa respectiva competencia, de acordo cos principios de competitividade e sustentabilidade económica, social e ambiental, cohesión territorial, eficiencia enerxética e complexidade funcional, procurando que, estea suficientemente dotado, e que o solo se ocupe de maneira eficiente, combinando os usos de forma funcional. En particular:

b) Favorecerán e fomentarán a dinamización económica e social (...)

c) Mellorarán a calidade e a funcionalidade das dotacións, infraestruturas e espazos públicos ao servizo de todos os cidadáns e fomentarán uns servizos xerais máis eficientes económica e ambientalmente.

Código do documento	Código do expediente
USG18I034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

d) Favorecerán, coas infraestruturas, dotacións, equipamentos e servizos que sexan precisos, a localización de actividades económicas xeradoras de emprego estable, especialmente aquelas que faciliten o desenvolvemento da investigación científica e de novas tecnoloxías, mellorando os tecidos produtivos, por medio dunha xestión intelixente.

e) Garantirán o acceso universal dos cidadáns, de acordo cos requirimentos legais mínimos, aos edificios de uso privado e público e ás infraestruturas, dotacións, equipamentos, transportes e servizos.

g) Integrarán no tecido urbano canto usos resulten compatibles coa función residencial, para contribuír ao equilibrio das cidades e dos núcleos residenciais, favorecendo a diversidade de usos, a aproximación dos servizos, as dotacións e os equipamentos á comunidade residente, así como a cohesión e a integración social.

k) Favorecerán a posta en valor do patrimonio urbanizado e edificado con valor histórico ou cultural.

O artigo 7.1.b) do TRLSRU, considera como “actuacións de transformación urbanística” as actuacións de “dotación”, considerando como tales as que teñan por obxecto incrementar as dotacións públicas dun ámbito de solo urbanizado para reaxustar a súa proporción coa maior edificabilidade ou densidade ou cos novos usos asignados na ordenación urbanística a unha ou máis parcelas do ámbito e non requiran a reforma ou renovación da urbanización deste.”

Pola súa parte, a lexislación urbanística autonómica -art. 65 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia -RLSG-, define ás dotacións urbanísticas como o conxunto de instalacións e servizos destinados á satisfacción das necesidades dos cidadáns. Este precepto diferencia as dotacións que son de uso e titularidade privada, previstas polo plan xeral na medida que as estime necesarias, das dotacións de uso e titularidade pública, que conformarán os sistemas xerais e locais de dotacións, que deberán cumprir as reservas mínimas de chan establecidas na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia -LSG-, e garantir os estándares recollidos nos números 1 e 2 do art. 42 LSG.

Como norma xeral, consideraranse dotacións urbanísticas públicas ou de carácter público aquelas que sexan de uso e titularidade públicos. Así mesmo, a efectos da aplicación do RLSG, consideraranse dotacións de carácter público as infraestruturas de servizos de titularidade privada sempre que se garanta pola normativa sectorial correspondente o dereito de acceso a terceiros e sen prexuízo da titularidade pública ou privada dos terreos sobre os que se localicen (art. 65.2 e 112 RLSG). As dotacións urbanísticas públicas, e tamén as privadas, organízanse nos seguintes sistemas: o sistema de infraestruturas de comunicación, o sistema de infraestruturas de redes de servizos, o sistema de espazos libres e zonas verdes e o sistema de equipamentos. Neste último inclúense todas as edificacións e instalacións de uso e titularidade públicos destinadas aos usos sanitario-

Código do documento	Código do expediente
USG18I034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

asistencial, educativo cultural, deportivo, administrativo-institucional, servizos públicos e dotación múltiple (art. 71 RLSG).

Con carácter xeral, as reservas de solo destinadas a dotacións públicas determínanse nos plans urbanísticos. Con todo, o art. 42.5 LSG establece que o Concello en Pleno pode modificar os usos dos devanditos terreos previstos no plan sen seguir para iso o procedemento de modificación destes, simplemente mediante acordo plenario:

“5. O Concello en Pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipos ou dotacións públicas por outro uso dotacional público distinto, sempre que se mantéña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos. En todo caso, deberá garantirse o cumprimento dos estándares recollidos nos números 1 e 2 do artigo 42.

A efectos do disposto neste número, entenderase que teñen tamén a condición de equipos ou dotacións públicas os que sexan de titularidade pública, aínda que non figuren no plan urbanístico con tal condición.”

C.I.F. P-1503100-H

Visto o informe xurídico do xefe do Servizo de Economía e Facenda de data 1.02.2024 (código UCP18I002I), e o informe xurídico da técnico de urbanismo de data 2.02.2024 (código USG18I01FS), nos que advirten dun erro no Inventario municipal de bens ao consignarse como “patrimonial” a parcela dotacional de 3.300 m2 no ámbito da Cross, e da necesidade –por seguridade xurídica- de rectificar o inventario de bens para actualizar os datos de dita parcela (nº inventario: 234, código: IN1034), incorporando tamén nas fichas de ambas parcelas no Inventario os novos usos urbanísticos que se asignen.

Visto o informe técnico do arquitecto do Servizo de Urbanismo de 6.02.2024 (código UAU18I007S), e no informe xurídico da técnico de urbanismo de data 6.02.2024 (código UAU18I007V).

Visto o informe xurídico preceptivo do Secretario Xeral de data 6.02.2024 (Código USG18I016E) .

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común; no Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, RDL 7/2015, do 30 de outubro; na Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia; no D.143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas; no RDL 1/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario; no Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por RD 1372/1986, de 13 de xuño; e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Código do documento	Código do expediente
USG18I034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

Considerando as distintas competencias municipais en ditas materias atribuídas polo artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), e as atribucións da alcaldía e do Pleno da Corporación dos artigos 21.1., 22.2. e 47.2.o) da LBRL,

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Aprobar o cambio dos usos urbanísticos dotacionais das seguintes parcelas municipais no ámbito da Cross -cesións obrigatoria do Proxecto de Compensación da Área A3 o Burgo, en 1997-, definidos no planeamento municipal vixente, para amplialos conforme ao sinalado normativa urbanística de aplicación e nos informes técnicos e xurídicos do Servizo de Urbanismo de data 6.02.2024 que constan no expediente:

-Parcela urbana dotacional de 3.300 m2 (Nº Inventario: 234, Código: IN1034, Referencia catastral nº: 1664403NH5916S0001OR). Novos usos:

Dotacional Público-Equipamentos:

- SC Socio-cultural
- AI Administrativo-institucional
- ED Educativo,
- DE Deportivo
- DM Dotacional múltiple

-Parcela urbana dotacional de 12.466 m2 (Nº Inventario: 235, Código: IN1035, Referencia catastral nº: 1664402NH5916S0001MR). Novos usos:

Dotacional Público-Equipamentos:

- SC Socio-cultural
- AI Administrativo-institucional
- ED Educativo,
- DE Deportivo
- DM Dotacional múltiple

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo de cambio de usos urbanísticos dotacionais no BOP da Coruña, no DOG, no taboleiro de edictos municipal; e dar traslado do mesmo á Consellería de medio ambiente e ordenación do territorio, Secretaría Xeral de ordenación do territorio e urbanismo, e á Dirección Xeral do Patrimonio; así como aos servizos municipais de Urbanismo e Patrimonio aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Aprobar a seguinte rectificación puntual do Inventario municipal de bens -aprobado polo Pleno da Corporación en data 8.06.1999- para actualizar e unificar os datos das fichas das dúas parcelas municipais da Cross, conforme aos novos usos urbanísticos dotacionais asignados, ao carácter demanial de ambas parcelas -de acordo co sinalado nas conclusións do informe xurídico da técnico de urbanismo de data 2.02.2024 (código USG18I01FS)-, e incorporando tamén os

8 de 23

Código do documento	Código do expediente
USG18I034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

requirimentos e información da lexislación patrimonial e do Catastro Inmobiliario de aplicación.

-Ficha nº Inventario: 234, Código: IN1034, Parcela urbana de 3.300 m2

Data modificación/actualización: febreiro de 2024

Identificación: Area 3. Dotacional Público Equipamentos

Tipo de terreo: Solar urbano, Parcela B11 PP-A3. Sen edificar (alberga dúas estruturas rehabilitadas da antiga fábrica da Cross)

Ubicación: Rúa Pintor Julio Fernández Argüelles s/n, 15670, O Burgo, Culleredo.

Titularidade: Patrimonio en propiedade do Concello de Culleredo. Inscrita no Rexistro da Propiedade nº3 de Coruña: Libro 343, Folio 104, Finca 28746, Inscrición 1ª, Data 10.09.1997. Sen cargas.

Forma de Adquisición: Cesións obrigatorias ao Concello de Culleredo do Proxecto de Compensación da Área A3 o Burgo, en 1997. Acta de protocolización ante notario Ramón González Gómez, protocolo nº 4074 de 14.08.1997.

Referencia catastral nº: 1664403NH5916S0001OR

Superficie: 3.300 m2 (Rexistro Propiedade e Catastro)

Tipo dominio: dominio público (uso ou servizo público)

Usos/Destinos: Dotacional Público:

- SC Socio-cultural
- AI Administrativo-institucional
- ED Educativo
- DE Deportivo
- DM Dotacional múltiple

Valor Catastral solo (2024): 88.242 euros.

Valor real do solo (2024): 202.956.6 euros.

(Orden Consellería Facenda 29.06.2015, DOG 30.06.2015. Anexo III, Código Concello Culleredo: 15031, ano relatorio 1993; coeficiente sobre valor catastral: 2.3)

- Ficha nº Inventario: 235, Código: IN1035, Parcela urbana de 12.466 m2

Data modificación/actualización: febreiro de 2024

Código do documento	Código do expediente
USG18I034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

Identificación: Area 3. Dotacional Público-Equipamentos

Tipo de terreo: Solar urbano, Parcela B111 PP-A3. Sen edificar (alberga unha estrutura rehabilitada da antiga fábrica da Cross)

Ubicación: Rúa Pintor Julio Fernández Argüelles, 15670, O Burgo, Culleredo.

Titularidade: Patrimonio en propiedade do Concello de Culleredo. Inscrita no Rexistro da Propiedade nº3 de Coruña: Libro 343, Folio 105, Finca 28747, Inscripción 1ª, Data 10.09.1997. Sen cargas.

Forma de Adquisición: Cesións obrigatorias ao Concello de Culleredo do Proxecto de Compensación da Área A3 o Burgo, en 1997. Acta de protocolización ante notario Ramón González Gómez, protocolo nº 4074 de 14.08.1997.

Referencia catastral nº: 1664402NH5916S0001MR

Superficie: 12.466 m2 (Rexistro da Propiedade); 11.721 m2 (Catastro)

Tipo dominio: dominio público (uso ou servizo público)

Usos/Destinos: Dotacional Público:

- SC Socio-cultural
- AI Administrativo-institucional
- ED Educativo
- DE Deportivo
- DM Dotacional múltiple

Valor Catastral solo (2024): 299.212,25 euros.

Valor real do solo (2024): 688.188,17 euros.

(Orden Consellería Facenda 29.06.2015, DOG 30.06.2015. Anexo III, Código Concello Culleredo: 15031, ano relatorio 1993; coeficiente sobre valor catastral: 2.3)

CUARTO.- Publicar o presente acordo de rectificación do inventario municipal de bens no BOP da Coruña, no taboleiro de edictos, e dar traslado do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade autónoma de Galicia, así como aos servizos municipais de Urbanismo e Patrimonio para os efectos oportunos.»

A continuación a voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes, fai unha presentación da proposta presentada.

O Sr. Alcalde-presidente intervén e di que para calquera uso futuro que se lle queira dar a todo o entorno das naves da Cross haberá que traer ao Pleno o punto

10 de 23

Código do documento	Código do expediente
USG18I034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

que se somete neste momento a debate e votación, independentemente de que a oportunidade da Fundación referida na proposta sexa ou non do interese dos membros da Corporación.

Seguidamente o Sr. Alcalde-presidente abre a quenda para o **DEBATE**.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal de Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que tal e como dixo o Sr. Alcalde habería que traer ao Pleno calquera cambio de uso no futuro como o que se propón nesta proposta salvo que se aprobara o PXOM; os membros do seu Grupo, no período electoral, levaron como unha das principais premisas que o PXOM tiña que ser unha realidade en Culleredo por varios motivos e, principalmente, tal e como se recoñece no informe técnico do arquitecto municipal, porque Culleredo vai xa moi fora de normativa no que respecta aos usos urbanísticos; o arquitecto municipal establece no seu informe que a Lei devén do ano 2006 e que Culleredo non está adaptado á mesma; eles non van votar a favor de calquera modificación parcial ou de calquera modificación puntual que se faga para seguir adaptando o PXOM que hai sen que se poña sobre a Mesa un traballo para sacalo adiante e que todas as ganas, toda a enerxía e todo o tempo que se emprega en que o punto que se debate saia adiante se use para que o PXOM sexa unha realidade e a partir de aí calquera uso urbanístico que se vexa de utilidade no Concello sexa tamén unha realidade; por outra banda, o propio informe do arquitecto municipal, pese a concluír favorablemente, fai unha advertencia que para os membros do seu Grupo non é menor e si necesario poñer sobre a Mesa no Pleno e cita, na primeira conclusión, o seguinte:

“Cando sexa o momento procedimental oportuno na tramitación de títulos habilitantes de obras/actividades deberá achegarse un proxecto técnico que xustifique o cumprimento das esixencias do Plan Parcial e Plan Xeral vixentes, e supletoriamente naqueles aspectos onde poida haber indefinicións no Plan Básico Autonómico. E se deberá achegar tamén as oportunas autorizacións sectoriais preceptivas que procedan, incluíndo o proxecto as correspondentes medidas correctoras dos condicionados das ditas autorizacións, cando corresponda.

En todo caso, deberá manterse o seu carácter de dotacional público.”

Di que dado que isto é un futurible non se sabe o que vai pasar nin cando se vai comezar a traballar no PXOM e no momento en que este acto futuro suceda, que pode ser dentro dun ano, de dous, de dous meses ou de catro anos, se poderá garantir que o carácter dotacional público será unha realidade; o seu Grupo prefire non traballar sobre futuribles nin sobre hipóteses e traballar sobre seguro, propoñendo que o punto que se está a debater se deixe para o futuro; se xustifica a urxencia da tramitación nun posible financiamento que vai obter a empresa e, polo que viron no proxecto, o Concello leva mantendo conversas con dita empresa desde o ano 2019, polo que pregunta se non se podería ter comezado a traballar con tempo e evitar que a concesión dun dos patrimonios máis importantes do Concello presente tantas dúbidas, o que motiva que o seu voto non poida ser favorable.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que coa Fundación referida na proposta se iniciaron conversas ao igual que se iniciaron con outras pero esta foi a única que se dirixiu ao Concello de forma formal con intención de

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

C.I.F. P-1503100-H

ocupar ditas naves e instalar nelas o seu Centro Tecnolóxico; efectivamente o Concello non conta cun Plan Xeral de Ordenación Municipal actualizado pero o que está aprobado inicialmente, que habería que ratificar no pleno e aprobar definitivamente, non vai ser un proxecto definitivo que non poida ser modificado tendo que ter en conta tamén algunha das consideracións que se fan desde a administración autonómica que ten que revisar o Plan, que suxire que é mellor aprobalo aínda que conte con algunhas deficiencias que poidan ser subsanables no tempo que telo sen aprobar pero iso non implica que, unha vez aprobado, non haxa que modificar algún uso nalgunha zona porque poden xurdir oportunidades como que algunha industria se queira asentar en Culleredo ou calquera outra como a que se recolle na proposta presentada neste punto; lembra que o seu Grupo non conta con maioría suficiente para sacar adiante o proxecto que se presenta e engade que a Fundación CETIM xa falou con distintas administracións para obter financiamento que lle permita sacalo adiante; a Cross leva 40 anos parada e a única vez que alguén se interesou de forma seria por estes edificios, fora dalgunha discoteca, algún local de hostelería, ou un proxecto que hai dun Auditorio cre que do 2001, foi esta Fundación e ás veces as oportunidades danse así, sen contar, antes de que se dean as situacións que se teñen que dar e, aínda que estivera o Plan Xeral aprobado, ás veces hai que facer modificacións puntuais dalgún solo como se fai noutros concellos da área metropolitana e en moitos concellos do ámbito nacional e do ámbito rexional porque aparece unha oportunidade de instalar unha industria ou de instalar unha empresa ou unha urbanización; entende que os membros do Grupo municipal Alternativa dos Veciños estean condicionados pola argumentación, ao seu entender totalmente desafortunada, do Presidente da formación política Alternativa dos Veciños; na proposta xa se contempla un período de alegacións polo que, antes de bombardear a proposta mediaticamente, xa se poderían demostrar xuridicamente as cousas e dar ou quitar a razón; di que o Presidente de Alternativa dos Veciños fala de irregularidades noutros Concellos cando el é o único alcalde que estivo inhabilitado e que conta con numerosas causas penais susceptibles de novas inhabilitacións; respecta o voto do grupo municipal Alternativa dos Veciños e entende que ás veces o peso político da organización á que se pertenza pode condicionar o voto.

Responde a Sra. Palla Maceiras e di que, para empezar, quere dicir que o seu alcalde é o Sr. Rioboo Castro e, en segundo lugar, indica que os membros do seu Grupo estudan a documentación dos expedientes e os seus argumentos van supeditados por cuestións técnicas e a maiores por cuestións da súa propia coherencia política; di que xa anunciaron que o PXOM tiña que saía adiante e non tería sentido agora aprobar outra cousa, engadindo que o sentido do seu voto vai en orde a defender que o que se pretende coa proposta que se está a debater é acomodar de forma puntual e parcial o plan urbanístico ao que establece a Lei, nun futuro pode xurdir isto de forma nova e acometer modificacións puntuais de usos determinados; di que non sabe o que vai pasar no futuro pero neste momento, dado que non hai PXOM e o Plan non se axusta ao que marca a Lei, hai que modificalo. Eles vanse manter no seu punto de vista e aclara que, pese a que o Sr. Alcalde sinalou que a Fundación referida foi a única que se dirixiu formalmente ao Concello e que iso ocorreu recentemente, ela estivo informándose

Código do documento	Código do expediente
USG18I034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

e xa no ano 2021 houbo reunións coa empresa polo que, se se tivera traballado neste asunto con tempo, poderían estar salvadas as dúbidas que xorden agora a un mes vista e podería abordarse este tema doutra forma.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que el considera que se perde unha oportunidade; a subvención da Xunta de Galicia xa saíu e segundo conversas mantidas pola Fundación coa administración autonómica, conta con moitas posibilidades de obtela.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o Sr. Alcalde recorda moitas veces que é el o que ordena o Pleno e lle di que é certo pero que ten que ser acolléndose a un Regulamento que é moi claro respecto da quenda de intervencións que o Sr. Alcalde altera provocando un diálogo co primeiro que fala; roga que se axusten as intervencións no Pleno ao regulamento.

Di que o goberno socialista de Culleredo acelera o proceso para ceder, durante un período de 50 anos, os terreos e instalacións da antiga fábrica Cross, 15.000 metros, á entidade privada Fundación Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial, CETIM, unha Fundación privada; o goberno convoca un pleno extraordinario sen urxencia motivada para o día de hoxe, xoves 15, poucos días antes das eleccións ao Parlamento Galego do día 18 que decidirán a conformación dun novo goberno da Xunta de Galiza e non existe motivo ningún para que a tramitación dos puntos recollidos na orde do día teñan que ser tratados de forma urxente, podendo incorporarse ao pleno ordinario previsto para o martes, día 27, agás por esas cuestións que non son tanto do interese municipal da veciñanza de Culleredo senón dunha Fundación privada; desde o BNG opóñense frontalmente a unha concesión de bens municipais a entidades privadas sen que se teña convocado ningún concurso en concorrencia competitiva no que se poidan presentar ideas e propostas para realizar unha concesión en forma transparente; cómpre ademais que nunha decisión deste calibre se teña en conta a opinión da veciñanza, participación que está regulada e canalizada no Concello a través do Consello Xeral de Participación Cidadá; non lles sorprende porque o Sr. Rioboo esquiva a transparencia e a participación limitaa á propaganda, sendo evidentes os bandazos do goberno municipal, evidentes os bandazos que se levan dado nos últimos anos respecto do destino das instalacións da antiga fábrica Cross, o que evidencia unha falta de ideas e de proxectos para o Concello; nos últimos anos, a maquinaria propagandística do PSOE de Culleredo anunciou, para esas mesmas instalacións, un centro cultural, un museo de automoción, un centro de emprendemento, unha piscina, sen contar nuncana súa decisión coa participación veciñal nin coa opinión da Corporación municipal; o BNG ten constancia do proxecto que se presenta neste punto o pasado xoves, cando se celebra a comisión informativa e agora, días antes do cambio de goberno da Xunta de Galicia, afianza a cesión dos terreos a unha entidade privada, ás presas, nun procedemento pechado e baixo o máis absoluto escurantismo nunha proposta na que Culleredo entrega un enorme patrimonio a cambio de promesas de ínfimas compensacións; a orde do día leva dous puntos, o cambio de usos urbanísticos e modificación do inventario no primeiro punto e, no segundo punto, a concesión

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

C.I.F. P-1503100-H

dos terreos municipais da Cross a unha fundación privada, é dicir, que non se agarda a que o primeiro punto puidese quedar aprobado, sometelo como é preceptivo a exposición pública e que se consolide definitivamente o que se tramita nel, o cambio de usos, e despois, unha vez feita esa consolidación, proceder a facer esa posible concesión; vai todo xunto de forma exprés, porque a fundación privada ten moita presa porque ten que ir a unha convocatoria de subvencións para que lle dean o 50% do que vai custar, sen que digan como van financiar o 50% restante porque na abundante documentación non se fala de aportar un peso dos 12 millóns nos que se valora o anteproxecto.

Di que anteproxecto é unha palabra clave nesta cuestión porque se está a falar dun anteproxecto, non dun proxecto, de reforma dun edificio e da reordenación da superficie, é dicir, dun esbozo.

Parécelle ben curioso que as residencias de maiores se leven ao monte da Zapateira e as instalacións da actividade mercantil dunha fundación privada ao centro do Burgo; pregunta se non se podería convenir coa Xunta ou con outras administracións eses terreos para un uso público como ese ou outros que tiveran unha real repercusión nos servizos públicos para a veciñanza de Culleredo; pregunta onde está que sexa competencia municipal a investigación en economía circular porque ao pleno non se vén hoxe tramitar unha cuestión de competencia municipal e o goberno municipal non pensa en facelo por concorrencia competitiva; o goberno municipal dixo que os técnicos estiveran traballando mañá, tarde e noite para sacar isto adiante sen ruborizarse diante da xente que leva ata dous anos agardando por unha licenza, ou ante as traballadoras e traballadores que están en folga porque non cobran polo seu traballo de limpeza municipal; o goberno municipal pretende agasallar á fundación privada con 15.000 metros de edificabilidade no centro do Burgo cunha valoración ridícula para que despois, calquera cousa que dean a cambio, pareza que o Concello sae gañando cando non é así; o BNG non vai apoiar ese cambio de usos; o Sr. Alcalde dixo que calquera outra cuestión que se queira facer alí necesitará da aprobación dun punto como o que se está a debater agora pero se se aprobara o PXOM, como se dixo aquí e como di a técnica municipal, non sería necesario porque iría incluído; o Concello non pode estar deseñando urbanismo pret a porter, a demanda do solicitante, porque se necesita un PXOM, e o Sr. Alcalde, nos sete anos que leva de alcalde, non deu nin un paso para dar adiante ao PXOM, aprobado inicialmente en 2013, hai once anos.

Respecto da proposta que se presenta o Sr. Alcalde di que xuridicamente todos os informes son favorables cando iso é imprescindible; di tamén o Sr. Alcalde que isto hai que tramitalo como unha cuestión xurídica e non como unha cuestión política, discrepando o BNG que considera que hai que tratalo como unha cuestión política e decidir se a proposta reverte en interese para os veciños de Culleredo e non un simple trámite burocrático para o fin de entregarlle este patrimonio municipal a unha fundación privada; desde o punto de vista político, en coherencia cos postulados do BNG de defender os servizos públicos, e o patrimonio público para destinalo a servizos públicos, o BNG non vai apoiar a proposta que se presenta neste punto.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que a realidade nestes momentos xa non é ficción, senón que é realidade e se trae a Pleno para a súa aprobación e que se

Código do documento	Código do expediente
USG18I034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

trae a un pleno extraordinario pola urxencia que require a oportunidade do momento; di que probablemente a proposta non saia adiante e iso sería unha oportunidade perdida para Culleredo; unha importante oportunidade que se ve en todas partes e parece que soamente en Culleredo non se ve; di que no momento en que a oposición presente unha oportunidade semellante ou peor ou mellor ou infinitamente mellor, o Concello implicarase nese proxecto e o alcalde, co seu equipo de goberno, vai votar a favor porque considera que non procede que siga así a Cross vinte anos máis.

O Sr. Chouciño Garrido di que non vai replicar por respecto aos turnos de intervención dos compañeiros.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e lle di ao Sr. Chouciño que está equivocado respecto ás quendas de intervención e respecto da proposta sobre a Cross.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que levan ao redor de catro anos escoitando e lendo noticias acerca do gran proxecto de economía circular de Culleredo e hoxe, por fin, o alcalde lles convoca a unha sesión extraordinaria do pleno de Culleredo con obxecto de dar un paso de xigante nese gran proxecto, un proxecto sobre o que, ao longo destes anos, puidéronse ler titulares moi impactantes como, no 2020, “La Cross se convierte en un referente de economía circular del sur de Europa con una inversión próxima a los 30 millones de euros” ou, no 2022, “La transformación de la Cross: de fábrica contaminante a centro de economía circular por 12,8 millones de euros” ou, a pasada semana, “De la Cross al C3 de la economía circular”; entre noticia e noticia, tamén a través da prensa, puideron coñecer das visitas que o Sr. Alcalde, acompañado de representantes da Fundación CETIM, realizaron a Paco Conde, naquel entón conselleiro de Economía, que visitou as actuais instalacións do CETIM en Alvedro que amosou o seu apoio ao proxecto, ao presidente da Xunta de Galicia entón, Sr. Núñez Feijoo, quen de igual forma manifestou o seu apoio ao proxecto do CETIM para os fondos Next-Generation, sabendo tamén durante este tempo que o proxecto aspiraba ao PERTE de Economía Circular convocado polo Ministerio, non sabendo aínda se resultou adxudicatario ou seleccionado, e antes das eleccións municipais, recibiron a visita da ministra que asinou no Libro de Ouro do Concello sen saber se se asignou un só euro do Ministerio; fai un par de meses houbo tamén a visita do candidato socialista, Sr. Gómez Besteiro, que amosou o seu apoio a non sabe que tipo de axudas da administración central; é un proxecto que o CETIM presenta ao Concello fai xa catro anos e que se foi presentando ás diferentes administracións pero ata a pasada semana, na comisión, e hoxe por fin nun pleno extraordinario que se convoca entre o martes de Entroido e o peche de campaña das autonómicas, o alcalde de Culleredo non moveu ficha; o balance do feito polo goberno municipal nos catro últimos anos fora dun titular de prensa foi cero polo que só se pode facer balance do que se fixo desde a súa última providencia de data 2 de febreiro cando admite a trámite a solicitude que formulan os representantes do CETIM e a viabilidade dos informes técnicos e xurídicos realizados entre o 2 e o 6 de febreiro; o seu Grupo, como acreditan as distintas visitas feitas ás instalacións de Culleredo, apoia o proxecto

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

de economía circular do CETIM e que a Xunta de Galicia, a través de GAIN, cre no proxecto do CETIM e lanza unha liña de concorrencia competitiva de axudas a centros tecnolóxicos para financiar gastos de investigación e investimento en infraestruturas que permitan facer realidade un proxecto no que cren, apostan e defenden como grupo político ante todos os obstáculos de natureza xurídica que poidan existir para facelo viable pero hai que clarificar cuestións para non enganarse nun proxecto de tanta envergadura.

A Fundación CETIM, como toda fundación e en base á lei que regula as fundacións, carece de ánimo de lucro e o seu patrimonio queda afectado á realización de fins de interese xeral; o CETIM é un centro tecnolóxico privado que presta servizos de investigación e desenvolve a súa actividade a día de hoxe no Parque Empresarial de Alvedro, en Culleredo, e a desenvolve, desde que se implantou, baixo unhas ordenanzas de natureza terciaria ou industrial pero en modo algún en parcelas que están cualificadas, no plan parcial que aprobou o parque empresarial de Alvedro, como solo de equipamento comunitario.

As parcelas da Cross, desde fai 27 anos, son parcelas dotacionais que forman parte do equipamento comunitario e que teñen unha ordenanza de aplicación; eles constataron, á vista da cantidade de informes tan densos e prolixos que se elaboraron nestes frenéticos días por parte do arquitecto municipal, da técnica de Urbanismo, da xefa do servizo de Dinamización, do xefe do servizo de Economía, que podería parecer que todo, en principio, está ben e se axusta á legalidade urbanística pero, desde o seu Grupo, estando de acordo no proxecto e apoiándoo, crían que no momento no que se lles convocaba á xunta de voceiros, se lles ofrecerían informes que dotaran da imprescindible seguridade xurídica a un acordo plenario que habería que aceptar e que ten por obxecto outorgar unha concesión administrativa de dominio público en beneficio dun centro tecnolóxico privado en parcelas dotacionais públicas, previa unha modificación dos usos dotacionais desas parcelas, é dicir, pretenden que lles resulte de aplicación a ordenanza de equipamiento comunitario do plan parcial da Cross a unha actividade económica privada que se está a desenvolver neste momento no parque empresarial en parcelas calificadas como uso industrial comercial.

Tras un estudio exhaustivo e riguroso de todos os informes circunscritos tanto ao expediente de cambio de usos dotacionais como ao da propia concesión administrativa o seu Grupo quere, antes de nada, agradecer o traballo desenvolto polos funcionarios para elaborar estes informes desde que se dicta a providencia o 2 de febreiro de 2024 polo Sr. alcalde solicitando celeridade á elaboración dos informes baixo a coordinación do secretario municipal; queren agradecerlle o traballo ao arquitecto municipal, á técnica de Urbanismo, ao xefe de Economía e á xefa do servizo de Dinamización polo traballo realizado pero, centrándose no punto primeiro da proposta da Alcaldía que literalmente di “aprobar o cambio de usos urbanísticos dotacionais das seguintes parcelas municipais no ámbito da Cross definidas no planeamento vixente para amplialos conforme ao sinalado na normativa urbanística de aplicación e nos informes técnicos e xurídicos do servizo de Urbanismo de data 06.02.2024 que constan no expediente”, e tendo en conta os títulos dos informes do arquitecto municipal e técnica de Urbanismo que, respectivamente, din “Expediente de cambio dos usos urbanísticos dotacionais das parcelas municipais da Cross e rectificación puntual do inventario municipal

Código do documento	Código do expediente
USG18I034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

de bens nesas parcelas para a súa actualización” e “Expediente dos cambios de usos dotacionais ás parcelas municipais da Cross propiedade do Concello de Culleredo”; que nos enunciados destes títulos, denominando o informe, non se faga mención para nada a ningún proxecto da Fundación CETIM nin a ningún proxecto de economía circular para implantar nesas parcelas, lles fixo ler con todo tipo de detalle e solicitar asesoramento xurídico-urbanístico a quen llo pode dar con seguridade xurídica: letrados que desempeñan funcións de responsabilidade institucional, profesores de dereito administrativo e aos propios funcionarios da administración local.

Non é so que non se faga referencia no título senón que nin no informe do arquitecto municipal, nin no da técnico, no seu contido, fan mención ao proxecto do CETIM, ao proxecto de implantar usos propios dunha fundación de interese privado nunhas parcelas dotacionais e unicamente se plantea a necesidade de cambiar os usos por unha obsolescencia dos mesmos e adecualos á normativa vixente.

Desa forma, actuando así, de non buscar asesoramento xurídico, produciríase unha adopción deste acordo plenario, unha emisión polo secretario municipal da certificación do acordo, publicación no DOGA, e se enviaría o acordo cos informes en que se sustenta, o do arquitecto e o da técnica de Urbanismo, que non mencionan para nada o proxecto do CETIM nestas parcelas dotacionais, para a súa inscrición no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia sen facer mención en todo iso a un proxecto que o CETIM, como centro tecnolóxico privado que presta servizos de investigación, vai implantarse con carácter privativo en dominio público.

É evidente que baixo esta forma de proceder moi dificilmente os funcionarios responsables do citado Rexistro de Planeamento Urbanístico poderían ter levado a cabo as funcións de cualificación xurídica do citado acordo, é dicir, que o acordo adoptado sobre cambios de usos dotacionais, que non mencione en modo algún o proxecto do CETIM para a Cross, baseado nestes informes de data 6 de febreiro e elaborados asepticamente poderían pasar o filtro da legalidade urbanística téndose tramitado polo artigo 42.5 bastando un acordo plenario e a posterior publicidade legal e inscrición no rexistro de planeamento urbanístico. Pregúntanse por que non se menciona nos dous informes que a razón do cambio dos usos dotacionais non responde só á obsolescencia e á adecuación dos usos dotacionais da lexislación urbanística nacida despois da Lei 2/2016, de Urbanismo de Galicia, por que non se fai mención a que ese cambio de usos dotacionais nas parcelas que configuran un sistema de equipamento público responde a que serve de base a un posterior acordo para outorgar á fundación privada, no mesmo pleno, a continuación, unha concesión demanial de uso privativo de 2037 metros sobre esas parcelas públicas municipais; descoñecen as razóns pero si é certo que nese baile de informes e máis informes non se deu resposta á pregunta central que é se o uso urbanístico que require e esixe a legalidade urbanística para o desenvolvemento dunha actividade económica dunha fundación, dun centro tecnolóxico privado, que presta servizo de investigación, pode desenvolverse con carácter privativo sobre parcelas dotacionais públicas.

O informe xurídico da técnico de Urbanismo de data 6 de febreiro finaliza afirmando que o cambio de uso das parcelas é posible sempre que se manteña a súa titularidade e uso públicos.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

O Grupo municipal do Partido Popular de Culleredo non pode deixar de manifestar e reiterar, como xa dixeron na súa intervención, que apoian o proxecto de economía circular e que valoran que a Xunta de Galicia, en defensa dese proxecto, convoque unhas axudas en concurrencia competitiva para que o proxecto acade unhas axudas de alo menos o 50% da súa totalidade pero o que non pode é mirar cara a outro lado cando o que se está a producir, ao seu entender, é unha fragmentación estratéxica dos contidos dos informes a emitir para dar a aparencia de legalidade a uns acordos que son moi discutibles que poidan adoptarse por un pleno municipal xa que poden conlevar, de forma implícita, non unha modificación dos usos dotacionais, senón unha modificación puntual do plan parcial e pola vía de feito para transformar unha parcela dotacional pública nunha parcela dotacional privada.

Ela non está en disposición de comulgar con rodas de muiño porque o Sr. alcalde leva catro anos intentando desenvolver o proxecto do CETIM nesas parcelas dotacionais e durante eses catro anos o Sr. alcalde non tivo nin a cautela, nin a deferencia, nin a responsabilidade de realizar consulta algunha para que, coa adopción dos acordos que hoxe propón, se tivera incorporado un informe da Xunta Consultiva de Urbanismo de Ordenación do Territorio de Galicia, para cuxa solicitude está lexitimado o Sr. alcalde en base ao artigo 15 do decreto polo que se crea este órgano máximo consultivo en Urbanismo de Galicia.

Os membros do seu Grupo necesitan que, nese informe que se debera pedir á Xunta Consultiva de Urbanismo da Xunta de Galicia, se dera resposta ás seguintes preguntas que non se contestan en ningún dos informes dos técnicos municipais do Concello:

1.- Se o uso urbanístico que conleva a cactividade económica do CETIM, o traslado da súa sede e o desenvolvemento do proxecto de economía circular poden quedar subsumidos dentro de parcelas dotacionais públicas que conforman o sistema de equipamento da Cross.

2.- De resultar posible o uso privado que desenvolve o Centro Tecnolóxico, dentro de cal dos 5 usos dotacionais que enumera o artigo 71 do regulamento da Lei do Solo de Galicia quedaría subsumido, se no sanitario-asistencial, no educativo, no cultural, no administrativo-institucional ou no de servicios públicos.

3.- De resultar favorables as preguntas 1 e 2, dados os contidos dos cambios que se pretenden acometer, ante que se estaría, se ante un suposto de modificación da ordenanza reguladora dos equipamentos comunitarios ou unicamente dos usos dotacionais que conteñen os mesmos, é dicir, se se trata da modificación da ordenanza reguladora dos equipamentos comunitarios e tería que tramitarse a modificación a través do procedemento ordinario da modificación dos plans parciais ou, a pesar do contido do que se pretende, sería de aplicación o 42.5 da ISA que circunscribe a modificación dos usos dotacionais ao acordo plenario.

4.- De resultar factible a tramitación deses usos dotacionais se habería que agardar á inscrición no rexistro de planeamento urbanístico e a súa posterior publicación no BOP para proceder a outorgar a concesión privativas desas parcelas dotacionais.

O informe do secretario municipal termina “tal é o que se informa sobre este particular sen prexuízo de calquera outro criterio superior en dereito” e sobre isto di que o seu Grupo cre que si hai que someter a outro criterio superior en dereito

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

estas cuestións das que eles falan pois non están contestadas en modo algún nos distintos informes que se elaboraron ao respecto.

Agardan do Sr. alcalde que lles faga caso e se dea conta da aberración xurídica que pretende facer e que rectifique, polo propio Concello de Culleredo que está integrado por funcionarios aos que, evidentemente, non se lles pode poñer nesta tensión para que realicen informes que non responden, en última instancia e de forma expresa, ao que o sr. alcalde sabe que ten que figurar de forma expresa nos acordos e, en segundo lugar, polos propios concelleiros e concelleiras que conforman a Corporación municipal, representantes do propio Concello de Culleredo, que teñen que estar á altura das circunstancias e non formarse cuns informes parciais que non responden á gravidade do asunto e da complexidade xurídica.

Levan cerca de catro anos agardando para sentar os cimientos deste proxecto e pide que non se dea un paso ao abismo e equivocarse por unha precipitación; xa teñen moitos exemplos da mala xestión do partido socialista no Concello de Culleredo e pon como exemplo ao Monte Costa, ao CLT ou os millóns de euros de indemnización por convenios incumplidos; recoméndalle ao Sr. alcalde agardar e dispoñer das consultas que se formulan, anunciando que neste momento non poden votar a favor da proposta que se presenta neste punto.

A continuación o Sr. Alcalde-presidente fai uso da palabra e di que felicita á Sra. García Gorostizu pola redacción da argumentación dada que para nada é apoiar ao CETIM; di que pensa que a Sra. García Gorostizu non sería capaz de facer un resumo argumentado de todo o que vén de ler; os fondos Next Generation e as noticias de prensa ás que fixo referencia foron enviadas pola propia Xunta de Galicia; o conselleiro de Industria dixo que ía entrar nos Fondos Next Generation e di que a noticia de prensa é de xullo do 2021 o que amosa a connivencia entre o Concello de Culleredo e a Xunta de Galicia, independentemente da cor política; di que foi a propia Xunta de Galicia, que é a que manexa ditos fondos, a que fai a tramitación, parecéndolle unha idea excepcional que a Cross, unha estrutura en desuso, cun polo de condicionante industrial, albergara a unha Fundación recoñecida pola Xunta de Galicia e inscrita por ela; intúe que detrás de toda a lectura que vén de facer a Sra. García Gorostizu está o voto negativo á proposta; indica que o cambio de uso habería que facelo aínda que houbera catro, cinco ou oito propostas, independentemente do PXOM; cando os habilitados nacionais emiten informes favorables e a proposta é favorable para o Concello a oposición ten dúbidas e cando é o goberno municipal o que levanta os reparos a oposición dálle a razón aos técnicos; di que hai un período de alegacións e que o que se propón non é algo que se se aproba hoxe xere unha inseguridade xurídica porque hai un trámite administrativo para que todas as consideracións que os membros da oposición presentan; falou de xuristas pero non deu o seu nome e di que a el lle gustaría saber de que xuristas se trata e que trataran de enriquecer o expediente que se está a tratar porque os propios xuristas consultados da administración autonómica, os xuristas consultados da administración provincial, e xuristas doctos na materia, despachos de arquitectos expertos en planeamento, din que se trata dun expediente ben feito, que podería sufrir algunha matización puntual moi sinxela de subsanar no período de alegacións; consultarán e verán o que establecen os xuristas referidos pola Sra. García Gorostizu por se fixera falta introducir algunha modificación e traer ao Pleno un documento mellor elaborado

19 de 23

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

porque ninguén vai estar en contra de que, tratándose de funcionarios, fagan unha colaboración transversal e unha colaboración política e se sumen á mesa de traballo.

*Di que pode comprar a argumentación de Thais porque lle parece boa, independentemente de que non estea de acordo con ela; a argumentación do Sr. Chouciño a pode comprar tamén porque lle parece boa, pero a argumentación do Partido Popular de Culleredo, sendo ese mesmo Grupo na Xunta de Galicia o que fixo que Culleredo chegara ata aí, non a pode comprar.
(gravación cortada)*

A Sra. García Gorostizu di que o Sr. Alcalde pretende botarlle a culpa á oposición e lle pide que se poña a traballar, que vaia máis polo Concello porque podería traer ao Pleno a proposta con antelación suficiente e facer as cousas ben e non dous días antes de que se acabe a subvención.

O Sr. Alcalde-presidente lle di á Sra. García Gorostizu que ela cumpre ordes do seu partido que confirmou que en vésperas de eleccións non se pode aprobar isto, di que é unha pena e que non vai entrar noutro tipo de consideracións, repetindo que Culleredo chegou a onde está porque a Xunta de Galicia así o marcou no seu cronograma.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita novamente o uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que á marxe de todas as dúbidas xurídicas, neste punto hai unha cuestión de fondo que é unha cuestión política que é que se se quere destinar patrimonio público municipal a un destino privado que non é competencia municipal; pon como exemplo as residencias de maiores que están na Zapateira e no centro do Burgo se montan oficinas de traballo por pura contradición; no Pleno ordinario do mes pasado levouse ao Pleno unha reforma do Regulamento de concesión ás asociacións dos locais municipais e agora non hai empacho en concederlle o dominio por 50 anos a unha fundación privada do maior patrimonio que ten Culleredo; o Sr. Alcalde insiste en que habería un período de alegacións pero, independentemente diso, no Pleno a Corporación se ten que pronunciar e seguramente os grupos políticos non poderían facer alegacións porque xa están exercendo o seu dereito a dicir o que pensan na sesión; respecto do período de alegacións e a como acaban as historias das concesións en Culleredo hai que ver algún precedente como o Centro Loxístico de Transportes de Culleredo que conta cun informe do ano 2004, cinco anos despois de que o goberno municipal fixera a chapuza de regalarlo á concesionaria, onde lle dixeron que tiña que ter revertido todo a patrimonio público e o Sr. Alcalde lle afeaba o xesto como se regalar a unha concesionaria o Centro Loxístico de Transportes fora unha cuestión menor; ademais do pouco que se salvaba pasouse un calvario xurídico para chegar a que deran o que é do Concello de Culleredo, os dous edificios, administrativo e de recepción de visitantes, e o aparcamento que está rendendo a día de hoxe rendementos a unha empresa privada porque o goberno municipal, polo motivo que sexa, non se quere facer cargo desas cuestións, dese patrimonio público; ese é o itinerario que seguen en Culleredo as concesións administrativas por facelas mal, dunha forma chapuceira e seguramente con intereses escuros; o mesmo

Código do documento	Código do expediente
USG181034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

pasou coa Garrocha, chegando ao punto de que o alcalde escapou un día dun pleno por non contestar ao BNG porque era moi duro o que había que contestar xa que levaban dez anos sen cobrarlle o canon e ao que nunca se lles reclamou o mantemento das instalacións que se valorou máis tarde nun millón de euros o seu deterioro porque nunca se lles reclamou; non se pode confiar no goberno municipal e aprobar unha concesión por 50 anos nesas condicións; o máis importante é que, se ben nos dous casos dos que falou había un interese público, no caso que se está a tratar non o hai; hai uns días o Sr. Alcalde dixo que a ministra, experta nestes asuntos, lle dixeran particularmente que o proxecto era unha marabilla e lle di que lle podería dicir a dita ministra que o Ministerio compre os terreos e faga a cesión porque a investigación é competencia do Ministerio e da Xunta, principalmente do Ministerio, polo que o alcalde tivo a oportunidade de ouro para apoiar o proxecto e comunicarllo á ministra porque o proxecto si ten interese público pero non municipal e por moi loable que sexa a finalidade desa Fundación non encaixa dentro dos obxectivos que ten que perseguir o Concello.

O alcalde dixo que cando a oposición traía propostas o goberno municipal as aprobará sen problema e lle di que propostas xa as houbo e que o BNG, cando se tramitaron os fondos Edusi para o Concello de Culleredo, propuxo que podía haber solicitudes non excluíntes tamén a través de agrupacións de concellos ben fora por organismos supramunicipais ou por agrupacións de concellos para unha cuestión puntual e eles dicían que o anteprojecto que xa houbo dun centro multicultural e de cuestións sociais, culturais, etc., para a Cross, e Culleredo, nos que se xunta un volume de poboación moi importante que merecería que isto fora desa magnitude e que seguramente fora difícil de acadar para un concello como o de Culleredo e onde Culleredo podería poñer eses terreos da Cross a disposición sempre que os usos foran preferentemente para o Concello de Culleredo; xa houbo unha proposta e o Sr. Alcalde non quixo saber nada ao igual que o seu antecesor ao tampouco lle interesaba; o BNG xa apoiou outras propostas de cambio de uso no pasado, propostas polo Sr. Alcalde, como a da parcela da antiga escola unitaria de Celas para destinala a centro de día e, unha vez que obtivo o cambio de uso, fixo o que lle diu a gana e decidiu que non podía ser un centro de día e que ía ser un local para xogar á baralla ao que chamou un centro de dinamización de maiores e que a día de hoxe segue sen abrir nin para unha cousa nin para outra; esa é a confianza que o Sr. Alcalde se gana da oposición para proxectos nos que pode haber unha valoración dun risco para abordar; para iso hai que gañarse a confianza e o Sr. Alcalde non perde nin unha oportunidade para perder unha oportunidade porque vén ao Pleno para resolver a cuestión do día e punto.

O punto que se presenta fala tanto do cambio de uso como da actualización do inventario; di que sería indigno facer un cambio de uso exprés para esta cuestión e deixar que o PXOM siga durmido nun caixón; o BNG no mandato anterior propuxo crear unha comisión do PXOM e que se reunira canto antes, sen que se teña reunido nos catro anos nos que o partido socialista tivo maioría absoluta e agora segue sen reunirse pois non lle interesa en absoluto reunir a comisión do PXOM nin sequera para o caso de que tivera que dicir que non se pode seguir adiante tal como suxeriu algún día cando falou de que puidera ser que houbera que facer un PXOM novo; sería indigno seguir facilitando o urbanismo pret a porter fronte á tarefa que hai que acometer que é facer un PXOM canto antes; o

21 de 23

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

C.I.F. P-1503100-H

Sr. Alcalde dixo que un novo PXOM tampouco vai deixar todo afinado á micra, algo que xa se sabe e xa se ve como nos concellos hai modificacións puntuais, unha tramitación totalmente normal e totalmente aceptada pois un trámite tan complexo como un PXOM non deixa todo apuntalado; o que pasa en Culleredo é aberrante pois hai un PXOM aprobado inicialmente desde hai máis de 10 anos e se segue a utilizar un de fai 30 ou 40 anos facendo modificacións puntuais sobre este; o BNG propón que se impulse o PXOM, que se poña en marcha unha actualización completa do inventario, tarefa recomendada polos técnicos municipais en múltiples ocasións e informe do estado de contaminación daqueles terreos onde está a Cross, algo polo que o BNG preguntou en numerosas ocasións vendo agora que hai quen sabe máis que eles porque no anteproxecto que presenta a empresa si dá unha descripción exhaustiva sobre a descontaminación dos terreos da Cross polo que el di que, en base a iso, pois existe unha Lei de terreos contaminados e un rexistro de terreos contaminados, propoñen que se inscriban os terreos da Cross no rexistro de terreos contaminados, nos que haberá que facer unha delimitación e unha concreción con toda a información da que se dispoña e toda a que se poida obter; o BNG fai múltiples propostas pero non está disposto a facer urbanismo pret a porter; a Fundación púxolle ao proxecto un nome moi curioso como é C3 que soa a proxecto C ao cubo preguntándose el se isto será un chollo ao cubo pois non fala de financiamento en ningunha parte, máis que de pedir unhas subvencións que cubrirían un 50%; se valoran os bens que se entregan en 144.000 euros, o que supón unha aberración, e unha empresa que teña esa concesión administrativa, ao día seguinte vai a calquera banco e obtén financiamento porque podería avala cunha concesión administrativa que ten un valor que eleva ao cubo ou a moito máis o importe que se está a valorar.

VOTACIÓN

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria, obtense o seguinte resultado:

Votos a favor: oito (8), dos/as concelleiros/as representantes do Grupo municipal do PSdG-PSOE.

Votos en contra: doce (12), dos/as concelleiros/as representantes dos Grupos municipais Partido Popular (7), Bloque Nacionalista Galego de Culleredo presentes (3) e Alternativa dos Veciños (2).

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación, a proposta da Alcaldía de data 6 de febreiro de 2024 (código de documento USG18I01GF), queda rechazada.

2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DEMANIAL DOS TERREOS MUNICIPAIS DA CROSS PARA A IMPLANTACIÓN DO CENTRO DE

Código do documento	Código do expediente
USG18I034M	USG/2024/28
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
311G 5A24 4M6D 544G 1879	

EXCELENCIA PARA A COMPETITIVIDADE EN ECONOMÍA CIRCULAR (C3)
POLA FUNDACIÓN CETIM. EXPTE: UCP/2024/6.

Ao non resultar aprobada a proposta da Alcaldía presentada no punto anterior, relativa a aprobación do expediente de cambio dos usos urbanísticos dotacionais das parcelas municipais da Cross no Burgo, e rectificación puntual do inventario municipal de bens nesas parcelas para a súa actualización, xa non procede someter a debate e votación a proposta que se presenta neste punto.

O Sr. Alcalde retira esta proposta da orde do día.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as once horas e vinte minutos (11:20 h.) do día expresado “*ut supra*”, a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta do que eu, como Secretario municipal, dou fe.

Autorízase o presente borrador da acta coa sinatura dixital do Sr. alcalde e do secretario municipal, que dá fe, que se someterá a aprobación na vindeira sesión ordinaria que se celebre do mesmo órgano a expensas do que resulte da correspondente aprobación.

C.I.F. P-1503100-H